

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

Resolución do 28 de decembro de 2009 pola que se procede á publicación das subvencións concedidas, en virtude da Resolución do 29 de maio de 2009, da Secretaría Xeral da Emigración, pola que se regula a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a concellos, mancomunidades de concellos e consorcios locais, para a realización de programas destinados a favorecer os procesos de integración da poboación inmigrante extracomunitaria na Comunidade Autónoma galega durante o ano 2009.

De conformidade co disposto no artigo 15.1º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 10 da Resolución do 29 de maio de 2009, da Secretaría Xeral da Emigración, pola que se regula a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a concellos, mancomunidades de concellos e consorcios locais, para a realización de programas destinados a favorecer os procesos de integración da poboación inmigrante extracomunitaria na Comunidade Autónoma galega durante o ano 2009, procédese á publicación das subvencións concedidas de contía igual ou superior a 3.000 euros.

Finalidade da axuda: as axudas teñen como finalidade a subvención dos gastos correntes que se lles orixinen aos concellos, mancomunidades de concellos e consorcios locais aos cales se lles concede a subvención para a realización dos programas previstos no artigo 5 da Resolución do 29 de maio.

Norma reguladora: Resolución do 29 de maio de 2009, pola que se regula a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a concellos, mancomunidades de concellos e consorcios locais, para a realización de programas destinados a favorecer os procesos de integración da poboación inmigrante extracomunitaria na Comunidade Autónoma galega durante o ano 2009 (DOG nº 109, do 5 de xuño) e Resolución do 1 de outubro de 2009 pola que se amplía a dotación orzamentaria da resolución do 29 de maio de 2009 (DOG nº 198, do 8 de outubro) e Resolución do 2 de novembro de 2009, pola que se amplía o prazo de xustificación (DOG nº 221, do 11 de novembro).

Aplicación orzamentaria: 40.50.312C.460.0 dos orzamentos xerais da comunidade autónoma para o ano 2009.

Crédito orzamentario: 988.332 euros na aplicación orzamentaria 40.50.312C.460.0.

Entidades locais beneficiarias da subvención cunha contía igual ou superior a 3.000 euros e importe da axuda concedida a cada unha delas

expresado en euros, por orde alfabética, que figuran no anexo a esta resolución.

Santiago de Compostela, 28 de decembro de 2009.

P.S. (Decreto 325/2009, do 18 de xuño)

José Antonio Villamayor Filloy
Subdirector xeral de Coordinación, Contratación
e Xestión Orzamentaria

ANEXO

Entidade local	Contía subvención concedida
A Baña	7.720,00
A Coruña	30.460,00
A Estrada	4.860,00
Ames	20.960,00
Arteixo	36.990,00
As Pontes de García Rodríguez	6.040,00
Avión	25.410,00
Bergondo	4.100,00
Betanzos	11.410,00
Boqueixón	6.500,00
Bueu	4.190,00
Burela	19.330,00
Caldas de Reis	20.170,00
Camariñas	13.560,00
Cambre	9.100,00
Cangas	11.850,00
Carballo	16.760,00
Cerceda	5.240,00
Consortio As Mariñas	35.385,00
Culleredo	24.690,00
Curtis	4.890,00
Ferrol	10.740,00
Foz	6.930,00
Lalín	42.170,00
Lugo	17.318,00
Manc. de Municipios da Comarca de Ordes	4.680,00
Manc. I. V. do Ribeiro	11.430,00
Manc. Terra de Celanova	13.830,00
Marín	39.300,00
Melide	4.120,00
Miño	5.790,00
Mondoñedo	5.310,00
Mos	14.190,00
Muros	10.350,00
Negreira	9.670,00
Nigrán	9.580,00
Noia	3.870,00
O Barco de Valdeorras	13.370,00
O Carballiño	16.300,00
O Grove	7.920,00
Ordes	9.200,00
Ortigueira	4.870,00
Ourense	42.380,00
A Pobra do Caramiñal	3.690,00
Porto do Son	3.710,00
Redondela	12.046,00
Ribadavia	7.270,00
Ribadeo	11.350,00
Ribeira	43.200,00
Santa Comba	10.230,00
Santiago de Compostela	18.770,00

Entidade local	Contía subvención concedida
Sarria	4.450,00
Tui	3.690,00
Verín	41.600,00
Vigo	52.570,00
Vilaboa	14.900,00
Vimianzo	12.370,00
Viveiro	28.850,00
Xinzo de Limia	59.763,00

CONSELLERÍA DE FACENDA

Decreto 447/2009, do 23 de decembro, polo que se acepta a doazón de bens culturais feita á Comunidade Autónoma de Galicia pola Universidade de Wisconsin-Milwaukee (EUA).

Con data de 3 de novembro de 2009, a Consellería de Cultura e Turismo remitiu á Consellería de Facenda o expediente de doazón de bens propiedade da Universidade de Wisconsin-Milwaukee (EUA).

A Secretaría Xeral e do Patrimonio tramitou o expediente de aceptación, logo dos respectivos informes favorables do Arquivo do Reino de Galicia e a Comisión Superior de Valoración de Bens Culturais de Interese para Galicia.

De acordo co disposto no artigo 17.1º da Lei 3/1985, do 12 de abril, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia e 34.1º do Regulamento aprobado polo Decreto 50/1989, do 9 de marzo, a adquisición pura e simple de bens, a título gratuito ou lucrativo requirirá decreto do Consello da Xunta, por proposta da Consellería de Facenda.

Na súa virtude, por proposta da conselleira de Facenda, e logo da deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día vinte e tres de decembro de dous mil nove,

DISPOÑO:

Artigo único.

Aceptar nos termos establecidos polo doante, a doazón de bens que a continuación se relaciona:

Obxecto: catro libros diarios de fareiros (dous completos e dous incompletos e unha folla solta).

Procedencia: Faro de Estaca de Bares (A Coruña).

Cronoloxía: 1887-1889, 1889-1894, 1894-1897 e 1906-1909. Folla de 1905.

Valoración total: 4.500 €.

Custodia: Arquivo do Reino de Galicia da Coruña.

Disposición derradeira

A Consellería de Facenda, a través da Secretaría Xeral e do Patrimonio, levará a cabo todos os trámites para a efectividade do presente decreto.

Santiago de Compostela, vinte e tres de decembro de dous mil nove.

Alberto Núñez Feijóo
Presidente

Marta Fernández Currás
Conselleira de Facenda

Decreto 448/2009, do 23 de decembro, polo que se acepta a cesión, a título gratuito, feita pola Administración xeral do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia, do castelo e recinto amurallado de Monterrei e das torres da Pena, Sandiás e Porqueira.

Por Orde ministerial do 31 de xullo de 2009 a Administración xeral do Estado cede, a título gratuito, a favor da Comunidade Autónoma de Galicia, o castelo e recinto amurallado de Monterrei para centro de divulgación, innovación e promoción da moda, o viño e as augas medicinais da comarca, restauración e musealización dos edificios e arquivo das tradicións da fronteira e pobos próximos e as torres da Pena, Sandiás e Porqueira, para restauración, conservación e visitas culturais.

A Secretaría Xeral e do Patrimonio tramitou o correspondente expediente de aceptación de cesión, de conformidade co disposto nos artigos 16, 17 e 23 da Lei 3/1985, do 12 de abril, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia e 33, 34 e 38 do Decreto 50/1989, do 9 de marzo, polo que se aproba o Regulamento para a execución da dita lei.

Na súa virtude, por proposta da conselleira de Facenda, e logo da deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día vinte e tres de decembro de dous mil nove,

DISPOÑO:

Artigo 1º

Acéptase nos termos establecidos pola Administración xeral do Estado a cesión, a título gratuito, da propiedade dos inmobles seguintes:

Castelo e recinto amurallado de Monterrei, situado no municipio de Monterrei (Ourense), formado por dous predios rexistrados:

Predio rexistral nº 14.475, comprendido no recinto amurallado do castelo de Monterrei, no termo municipal de Monterrei (Ourense), que constitúe unha parte segregada do devandito recinto e que lin-